

# CONCELLO DE XOVE

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 18 DE AGOSTO DE 2014.

**Asistentes:**

**Alcalde-Presidente:**

D. Jose Demetrio Salgueiro Rapa

**Vocais:**

D<sup>a</sup> Ana Maria Abad López

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Meitín Guerreiro

D<sup>a</sup> Cristina Iglesias Guerreiro

**Secretario:**

D. Luís M<sup>a</sup> Fernández del Olmo

**Interventora:**

D<sup>a</sup> Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dez horas e trinta minutos do día dezoito de agosto de dous mil catorce baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo e da Interventora D<sup>a</sup> Elena Santos Rey, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria. Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

### A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 22 de Xullo de 2014.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta da sesión anterior.

### B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA

#### B.1) SOLICITUDE DE D. SERVANDO PEDRE VAZQUEZ RELATIVO A EXECUCION DE CAMBIO DE CUBERTA E REPARACION DE FACHADA.

Vista solicitude formulada por D. Servando Pedre Vázquez.-con D.N.I nº: 33.763.744-C con domicilio en Avda. Da Mariña, 14 1º (27880 Burela), para realización de obras de cambio da cuberta e reparación de fachada en Casa Lousada – Penasagudas Nº 8.-Monte.-Xove.- Expediente: 2438/14

Polígono nº 74.-Parcela nº 13.- Ref. Catastral:27025A074000130001KS

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

*1º.-De acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, e con proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico, Don Tomás Rodríguez Rapa colexiado nº 376, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como Solo Rústico de Protección Agropecuaria, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicado no B.O.P do 14 de julio de 2012. Burgo de Penas Agudas.-Monte.*

*2º.-Na memoria do proxecto presentado, no seu apartado 1.2.3 correspondente a memoria urbanística, así como no plano de situación, xustifícase o cumprimento da Normativa do P.X.O.M e da LOUGA para a realización dos traballos que se pretende.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- *Respetarase ó primitivo deseño e tipoloxía da edificación principal, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación, ao previsto no Artigo 29 da Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de Protección do Medio Rural de Galicia, LOUG, no relativo ás condicións de edificación.*
- *A cuberta deberá ser de lousa de pizarra.*

- *Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa construtora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.*
- *Este inmovible, atópase fora de ordenación, e forma parte dos edificios erixidos con anterioridade á aprobación definitiva do planeamento urbanístico que resultan desconformes con este, polo que este inmovible está sometido ao réxime de fora de ordenación.*
- *De acordo co depósito no artigo 103.2, nas construcións e edificacións que queden en situación de fora de ordenación, por total incompatibilidade coas determinacións do novo planeamento só poderán autorizarse obras de mera conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente. Agás que no planeamento se dispoñía xustificadamente o contrario, en ningún caso se entenderán incluídas na situación prevista nesta alínea as edificacións ou instalacións en solo rústico que obtivesen legalmente a preceptiva licenza urbanística e que se executasen de conformidade con esta.*
- *As obras que se pretenden, no que á súa construción se refire e aos materiais a empregar, adaptaranse en todo ao previsto nos artigos 33 e 34 da lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da lei 9/2002, (LOUG), e no que ás condicións se edificación se refire, poderase edificar de acordo co previsto no artigo 44.2, desta Lei.*
- *A edificación que se pretende cubrir, de acordo co solicitude que se achega, adaptarse á tipoloxía do ámbito.*
- *As obras que se pretenden, pola súa condición de obras de reparación, non poderán afectar a elementos estruturais, nin supoñerán aumento de volume da actual edificación.*
- *Respetarase o primitivo deseño e a tipoloxía da edificación e o seu ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación ao previsto no Artigo 29 da LOUG.*
- *Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o estado orixinario da edificación, e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, e a súa adaptación á Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia.LOUG.*
- *A vista do anterior, infórmase favorablemente a licenza que se solicita, nas condicións establecidas nos apartados anteriores.*

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 3.036,87 € salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 60,74 €.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

## **B.2) SOLICITUDE DE D. JOSE LOUZAO REGO RELATIVO A CONSTRUCCIÓN DE COBERTIZO EN CAMBA Nº 28.-XUANCES.-XOVE.-**

Vista solicitude formulada por D. José Louzao Rego con D.N.I nº: 76.557.028-X con domicilio en Camba, 28 (27877 Xuances), aportando Proxecto Básico e de Execución Para construción de Cobertizo de 35 m<sup>2</sup>.(7 m x 5 m) en Lg. de Camba Nº 18.-Xuances.-Xove.-27025A021000690000JJ y 27025A021000680000JI.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

- *De acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, e con proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico, D. Tomás Rodríguez Rapa colexiado nº 376, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como Solo de Núcleo Rural Zona de Expansión, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicado no B.O.P do 14 de julio de 2012. Burgo de Camba.-Xuances.*
- *Na memoria do proxecto presentado, no seu apartado 1.2.3 correspondente a memoria urbanística, así como no plano de situación, xustifícase o cumprimento da Normativa do P.X.O.M e da LOUGA para a realización do galpón auxiliar da edificación principal, que se pretende.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

3º.-Respetarase ó primitivo deseño e tipoloxía da edificación principal, adaptándose na súa totalidade estas obras de edificación auxiliar, ao previsto no Artigo 29 da lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia, LOUG, no relativo ás condicións de edificación.

4º.-A cuberta deberá ser de lousa de pizarra.

5º.-Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa construtora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.

6º.-Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o seu estado orixinario, e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, así como a súa adaptación á Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia.

A vista do anterior, infórmase favorablemente a licenza que se solicita.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 2.772,90 € salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 55,46 €.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

### **B.3) SOLICITUDE DE D. ANTONIO ARANZANA PADILLA PARA LICENZA DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN EN VILA Nº 20.-RIGUEIRA.**

Vista solicitude formulada por D. Antonio Aranzana Padilla con D.N.I. nº1814865G con domicilio en Vila 20 (27879 Rigueira) na que pide a expedición de certificación de licenza de primeira ocupación, para rehabilitación de vivenda e ampliación de vivenda unifamiliar sito en Candaosa.-Vila Nº 20.-Rigueira.

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, no que sinala en relación ás obras a cal licenza de 1ª Utilización se solicita o seguinte:

- Expediente: 2364/14
- Data: 30/07 / 2.014
- Asunto: solicitude de licenza de 1ª Utilización
- Solicitante: Don Antonio Aranzana Padilla.
- Edificación: rehabilitación de vivenda e ampliación de vivenda unifamiliar
- Situación: Candaosa.-Vila Nº 20.-Xove.(Lugo).
- Ref.Catastral: E01803700PJ23E0001WF

**Obra prevista en proxecto:** Rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar no lugar de Candaosa.-Rigueira-Xove.- Vivenda unifamiliar composta de planta baixa e unha altura.

**Obra executada:** Vivenda unifamiliar composta de planta baixa e unha altura, con modificación dalgúns dos materias compatibles coas condicións da licenza outorgada. Obra totalmente executada e en condicións de habitabilidade e uso.

Informando que a execución material das obras salientadas atópanse realizadas, de acordo ás prescricións técnicas pertinentes e cumpren coas condicións mínimas de habitabilidade de acordo co Decreto 311/1992 do 12 de novembro da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, e de acordo co Decreto 29/2010 de 4 de marzo da Xunta de Galicia.

O volume e superficie da obra executada, é coincidente co proxecto presentado mediante o cal se obtivo a pertinente licenza municipal.

A edificación, atópase executada na súa totalidade, e adáptase á vixente Normativa urbanística do Concello de Xove. Ordenanza de Aplicación. -Solo de Núcleo Rural Zona de Expansión. - obra executada, adáptase a Normativa vigor P.X.O.M. -

Vivenda totalmente executada, rematada interiormente, e acabada exteriormente, podéndose outorgar a correspondente Licenza de Primeira Utilización.

- Presuposto proxecto de Execución - Liquidación final: 120.721,34€
- Valoración Licenza Primeira Utilización 0,5% S/P: 603,61€.
- Observacións: Deberase solicitar entroncamento municipal de auga.

Visto o disposto na Ordenanza Reguladora, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión de licenza de primeira ocupación, de vivenda sita en Candaosa.-Vila Nº 20.-Rigueira .que se realizou baixo a dirección facultativa e de acordo co proxecto para o que foi concedido licenza, toda vez que xa foi informado favorablemente polo Arquitecto Técnico Director das obras a que se fixo referencia, e conforme á certificación achegada.

2º) A aprobación da liquidación practicada según a fixación efectuada polo Arquitecto Técnico Municipal.

3º) A expedición de licenza de Primeira ocupación, efectuándose a valoración das taxas según importe de proxecto e ascendendo estas a 603,61€.

4º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa correspondente, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

## **C) CONTAS E FACTURAS**

### **C.1) INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES ÓS MESES DE XULLO-AGOSTO DE 2014.**

Por tres votos a favor e coa abstención do interesado, procédese á aprobación das indemnizacións por razón de servizo da Alcaldía, correspondentes ós meses de xullo e agosto de 2014 por importe de 445,75 €.-

## **D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL**

### **D.1) AXUDA DE GANDERÍA A D<sup>a</sup>. VANESA SANTOS GUERREIRO.**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D<sup>a</sup>. Vanesa Santos Guerreiro, con D.N.I. nº 33998256R, con domicilio en Carballás, nº 8-Xove, por morte dun xato por importe de 120,00€.

### **D.2) AXUDA DE GANDERÍA A D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ.**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. José Manuel Fernández Rodríguez, con D.N.I. nº 33.993.547-F, con domicilio en Vilariño, nº 5 (27879 Monte -Xove), por morte dun xato por importe de 120,00€.

### **D.3) AXUDA DE GANDERÍA A D. EMILIO VÁZQUEZ LÓPEZ.**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Emilio Vázquez López, con D.N.I. nº 76564029L, con domicilio en Gondar, nº 8- (27879 Monte Xove), por morte dun xato por importe de 300,00€.

### **D.4) AXUDA DE GANDERÍA A D. EMILIO VÁZQUEZ LÓPEZ.**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Emilio Vázquez López, con D.N.I. nº 76564029L, con domicilio en Gondar, nº 8-Monte (Xove), por morte dun xato por importe de 120,00€.

### **D.5) AXUDA DE GANDERÍA A D<sup>a</sup>. REMEDIOS COCIÑA QUELLE.**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D<sup>a</sup>. Remedios Cociña Quelle, con D.N.I. nº 76564078E, con domicilio en Albarán, nº 26- (27878 Sumoas Xove), por morte dun xato por importe de 120,00€.

### **D.6) AXUDA DE GANDERÍA A D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> IMELDA BAÑO LOUZAO.**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según

as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Imelda Baño Louzao, con D.N.I. nº 76564099C, con domicilio en Cortellos, nº 4-A (27879 Rigueira Xove), por morte dun xato por importe de 120,00€.

#### **D.7) APROBACIÓN DE LIBRAMENTO DE SUBVENCIÓN Ó CENTRO SOCIAL DE A VARA-XUANCES, DE CONFORMIDADE CO CONCURSO DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ-BAR.**

Vista solicitude formulada por D<sup>a</sup> Maribel Guerreiro Abad, con D.N.I. nº: 76.563.291 - V, con enderezo no Centro Social de A Vara (27877 Xuances), na que manifesta que durante o período comprendido entre o **01/02/2014 ó 31/07/2014**, produciuse unha perda ou déficit no mesmo segundo xustifica, polo que de conformidade coas bases da contratación da explotación do servizo de café-bar no Centro Social epigrafiado, solicita o libramento da subvención prevista ó efecto.

Pola Xunta de Goberno Local, previa deliberación, de conformidade cos acordos de 14 de decembro de 1998 e 13 de xaneiro de 1999 a tenor dos cales se establece a subvención máxima a percibir por importe de 2.102,34€ e visto que transcorreron outros seis meses da actividade, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A aprobación do libramento do importe de 1.051,17€ correspondentes ó 50% do importe máximo da subvención prevista para o presente exercicio a tenor da falta de rentabilidade e explotación do centro antedito e polo carácter social das actividades que se desempeñan no local municipal referido.

2º) Procederase no seu caso, trala nova xustificación documental do desequilibrio económico na concesión referida transcorrido outro período de seis meses ó libramento da porcentaxe pendente de subvención.

#### **D.8) DETERMINACIÓN DAS FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2015.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación do escrito remitido pola Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar no que se interesa a determinación por parte do Concello dos 2 días que se fixen como festas locais en todo o termo municipal de Xove, os efectos da confección do Calendario laboral para o ano 2015.

Enterada, a Corporación, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda:

1º) Fixar como festas locais en todo o termo municipal de Xove, no ano 2014 as seguintes datas:

- 17 de febreiro de 2015 (Martes de Antroido)
- 31 de agosto de 2015 (Festa Patronal)

2º) A remisión do presente acordo ó Departamento Territorial en Lugo da Consellería de Traballo e Benestar.

#### **D.9) ESCRITO DA UNIÓN DEPORTIVA XOVE-LAGO PRESENTANDO A DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA E SOLICITUDE DE LIBRAMENTO DO 30% RESTANTE DE PAGO**

Visto o escrito presentado por D. José Iravedra López, en calidade de Secretario da Unión Deportiva Xove-Lago, con CIF: G-27144203 con domicilio en Acceso Campo de Fútbol, S/N (27870 Xove) no que se presenta a documentación xustificativa da axuda concedida pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 18/2/2014 para a actividade de fútbol competitivo e formativo.

Visto que a documentación reúne tódolos requisitos esixidos por acordo da Xunta de Goberno Local.

Visto o conforme da Interventora Municipal, acreditando a existencia de crédito comprometido no presuposto municipal.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acordase:

1º) Aceptar a documentación presentada como conta xustificativa do gasto realizado para a obtención da subvención municipal.

2º) O libramento do 30% restante da axuda concedida, e que ascende a 11.400€. Dito libramento queda condicionado non obstante e de acordo coa base nº 47 da Execución do Orzamento Municipal para 2014, á presentación antes do 20 de decembro de 2014 dos documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante.

#### **D.10) APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DA TIRADA DE BOLOS ANUAL 2014-2015.**

Por Secretaría dáse conta das bases reguladoras e da convocatoria da tirada de bolos anual “Concello de Xove” que se transcribe de seguido:

##### ***BASES REGULADORAS DA TIRADA DE BOLOS ANUAL “CONCELLO DE XOVE”***

*O Concello de Xove, consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e ao obxecto de incentivar a participación cidadá na Tirada de Bolos anual do Concello de Xove, establece as normas reguladoras da participación, as axudas económicas e dos premios que se outorgarán aos participantes que interveñan nos citados actos, de acordo coas seguintes BASES*

##### ***PRIMEIRA.- DEFINICIÓN DO OBXECTO***

*Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios da Tirada de Bolos anual “Concello de Xove”.*

##### ***SEGUNDA.- REQUISITOS DOS PARTICIPANTES***

*Tanto na Liga Senior Masculina coma na Feminina poderá participar calquera persoa, sen límite de idade. Na Liga Sub 16, que terá carácter mixto, poderán participar tanto rapaces coma rapazas menores de 16 anos. Caso de cumprir os 16 anos durante o campionato, deberá seguir na Liga Sub 16 ata a finalización do mesmo.*

*A documentación a presentar será exclusivamente o N.I.F. En cada tirada, polo representante municipal elaborárase un listado dos participantes na mesma e da puntuación obtida.*

##### ***TERCEIRA.- TIRADAS E NORMAS***

*As normas que regulan a competición serán establecidas con carácter previo ao comezo da mesma e expostas para xeral coñecemento dos participantes.*

*Nas distintas convocatorias anuais se determinarán os lugares e días das tiradas así como as datas de inicio e fin do campionato.*

##### ***Cuarta.- crédito orzamentario e tramitación anticipada do gasto***

*A contía máxima destinada aos presentes premios é de 4.965,00 euros € (partida 341.481 do Estado de Gastos do Municipal).*

*Os premios serán concedidos parte no presente exercicio, correspondentes ás tiradas de outubro a decembro, por importe de 1.800,00 euros, e parte no exercicio seguinte ao da convocatoria, correspondentes ás tiradas de xaneiro a marzo e premios finais, por importe de 3.165,00 euros. Será polo tanto de aplicación o previsto no artigo 56 da Lei Xeral de Subvencións sobre tramitación anticipada de gasto. A concesión queda así condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.*

##### ***QUINTA.- PREMIOS***

*Haberá dous tipos de premios: premios por tirada e premios finais.*

##### ***A) Premios por tirada.***

	<i>LIGA SENIOR M.</i>	<i>LIGA SUB 16</i>	<i>LIGA SENIOR F.</i>
<i>1º Premio.....</i>	<i>25 EUROS.....</i>	<i>15 EUROS.....</i>	<i>15 EUROS</i>
<i>2º Premio.....</i>	<i>20 EUROS.....</i>	<i>10 EUROS.....</i>	<i>10 EUROS</i>
<i>3º Premio.....</i>	<i>20 EUROS.....</i>	<i>5 EUROS.....</i>	<i>5 EUROS</i>
<i>4º Premio.....</i>	<i>20 EUROS</i>		

5º Premio..... 20 EUROS  
premio á mellor bolada.....5 EUROS.....5 EUROS.....5 EUROS

**B) Premios finais**

	<b>LIGA SENIOR M.</b>	<b>LIGA SUB 16</b>	<b>LIGA SENIOR F.</b>
1º Premio.....	200 EUROS.....	90 EUROS.....	90 EUROS
2º Premio.....	150 EUROS.....	75 EUROS.....	75 EUROS
3º Premio.....	100 EUROS.....	50 EUROS.....	50 EUROS
4º Premio.....	75 EUROS.....	30 EUROS.....	30 EUROS
5º Premio.....	75 EUROS.....	30 EUROS.....	30 EUROS
6º Premio.....	50 EUROS		
7º Premio.....	50 EUROS		
8º Premio.....	50 EUROS		
9º Premio.....	50 EUROS		
10º Premio.....	25 EUROS		
11º Premio.....	25 EUROS		
12º Premio.....	25 EUROS		

premio á mellor bolada.....50 EUROS.....50 EUROS.....50 EUROS

A maiores, e compatibles con calquera dos doce premios finais, tamén se concederán tres premios finais dentro da liga sénior masculina para as mellores puntuacións daqueles que cando realicen a súa primeira tirada teñan cumpridos os 60 anos de idade. Estes premios serán de 75 euros, 50 euros e 25 euros.

A contía dos premios anteriores é líquida. De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

**SIXTA.- PROCEDEMENTO DE ENTREGA DE PREMIOS**

Unha vez rematada cada tirada, o técnico municipal de cultura, ou no seu caso, o representante municipal ao efecto, emitirá informe coa relación de gañadores segundo as normas a que se refire a Base Terceira. Os premios das tiradas serán entregados en efectivo debendo asinarse polo perceptor no momento da súa recepción. Para os premios finais, elaborárase polo técnico municipal de cultura un informe final a xeito de proposta detallando a relación de beneficiarios segundo a puntuación obtida, indicando o seu nome e dirección, D.N.I. e número de conta bancaria así como representante legal para o caso de menores de idade. Sobre dito informe-proposta resolverá a concesión dos premios a Xunta de Goberno Local.

**SÉTIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A presentación do DNI e calquera outra documentación da que sexa necesario dispor supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estrutalmente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

**DISPOSICIÓN FINAL**

As presentes Bases permanecerán en vigor para os vindeiros exercicios en tanto en canto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

**CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS DA TIRADA ANUAL DE BOLOS “CONCELLO DE XOVE”. CONVOCATORIA 2014-2015**

O Concello de Xove, dentro do marco das competencias que ten atribuídas pola lexislación vixente ten como obxectivo potenciar a participación cidadá na Tirada de Bolos anual, que



comprende os exercicios 2014-2015, e realiza a tal fin a convocatoria de premios, coas seguintes especificacións:

1.- Entidade adxudicadora

a.- Organismo: Xunta de Goberno Local do Concello de Xove

b.- Departamento que tramita o expediente: Concellería de Deportes

2.- Obxecto

Concesión de premios da Tirada Anual de Bolos “Concello de Xove”, na súa convocatoria 2014-2015, que inclúe a XXVI Liga Sénior masculina, XV Liga Sub16 e VI Liga Sénior Feminina.

3.- Orzamento

A contía máxima prevista destinada aos presentes premios é de 4.965,00 €, con cargo á partida 341.481 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal. Os premios serán concedidos parte no presente exercicio, correspondentes ás tiradas de outubro a decembro, por importe de 1.800,00 euros, e parte no exercicio seguinte ao da convocatoria, correspondentes ás tiradas de xaneiro a marzo e premios finais, por importe de 3.165,00 euros. Será polo tanto de aplicación o previsto no artigo 56 da Lei Xeral de Subvencións sobre tramitación anticipada de gasto. A concesión queda así condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

4.- Contía dos premios

Haberá dous tipos de premios: premios por tirada e premios finais.

A) **Premios por tirada.**

	LIGA SENIOR M.	LIGA SUB 16	LIGA SENIOR F.
1º Premio.....	25 EUROS.....	15 EUROS.....	15 EUROS
2º Premio.....	20 EUROS.....	10 EUROS.....	10 EUROS
3º Premio.....	20 EUROS.....	5 EUROS.....	5 EUROS
4º Premio.....	20 EUROS		
5º Premio.....	20 EUROS		
premio á mellor bolada.....	5 EUROS.....	5 EUROS.....	5 EUROS

B) **Premios finais**

	LIGA SENIOR M.	LIGA SUB 16	LIGA SENIOR F.
1º Premio.....	200 EUROS.....	90 EUROS.....	90 EUROS
2º Premio.....	150 EUROS.....	75 EUROS.....	75 EUROS
3º Premio.....	100 EUROS.....	50 EUROS.....	50 EUROS
4º Premio.....	75 EUROS.....	30 EUROS.....	30 EUROS
5º Premio.....	75 EUROS.....	30 EUROS.....	30 EUROS
6º Premio.....	50 EUROS		
7º Premio.....	50 EUROS		
8º Premio.....	50 EUROS		
9º Premio.....	50 EUROS		
10º Premio.....	25 EUROS		
11º Premio.....	25 EUROS		
12º Premio.....	25 EUROS		
premio á mellor bolada...	50 EUROS.....	50 EUROS.....	50 EUROS

A maiores, e compatibles con calquera dos doce premios finais, tamén se concederán tres premios finais dentro da liga sénior masculina para as mellores puntuacións daqueles que cando realicen a súa primeira tirada teñan cumpridos os 60 anos de idade. Estes premios serán de 75 euros, 50 euros e 25 euros.

A contía dos premios anteriores é líquida. De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

#### *5.- Requisitos dos participantes*

*Tanto na Liga Sénior Masculina coma na Feminina poderá participar calquera persoa, sen límite de idade. Na Liga Sub 16, que terá carácter mixto, poderán participar tanto rapaces coma rapazas menores de 16 anos. Caso de cumprir os 16 anos durante o campionato, deberá seguir na Liga Sub 16 ata a finalización do mesmo.*

*A documentación a presentar será exclusivamente o N.I.F. En cada tirada, polo representante municipal elaborárase un listado dos participantes na mesma e da puntuación obtida.*

#### *6.- Tiradas e normas*

*As normas que regulan a competición serán establecidas con carácter previo ao comezo da mesma e expostas para xeral coñecemento dos participantes.*

*Os lugares e días das tiradas para a tempada 2014-2015 serán os seguintes:*

- Sábado 4 de outubro: C.S. Lago*
- Sábado 11 de outubro: C.S. Palmeiro*
- Sábado 18 de outubro: C.S. Monte*
- Sábado 25 de outubro: Campo de fútbol de Xove*
- Sábado 1 de novembro: C.S. Cruceiro*
- Sábado 8 de novembro: C.S. A Vara*
- Sábado 15 de novembro: C.S. Vilachá*
- Sábado 22 de novembro: C.S. Morás*
- Sábado 29 de novembro: C.S. Sumoas*
- Sábado 13 de decembro: C.S. Lago*
- Sábado 10 de xaneiro: C.S. Palmeiro*
- Sábado 17 de xaneiro: C.S. Monte*
- Sábado 24 de xaneiro: Campo de fútbol de Xove*
- Sábado 31 de xaneiro: C.S. Cruceiro*
- Sábado 7 de febreiro: C.S. A Vara*
- Sábado 21 de febreiro: C.S. Vilachá*
- Sábado 28 de febreiro: C.S. Morás*
- Sábado 7 de marzo: C.S. Sumoas*

#### *7.- Procedemento de entrega de premios*

*Unha vez rematada cada tirada, o técnico municipal de cultura, ou no seu caso, o representante municipal ao efecto, emitirá informe coa relación de gañadores segundo as normas a que se refire a Base Terceira. Os premios das tiradas serán entregados en efectivo debendo asinarse polo perceptor no momento da súa recepción. Para os premios finais, elaborárase polo técnico municipal de cultura un informe final a xeito de proposta detallando a relación de beneficiarios segundo a puntuación obtida, indicando o seu nome e dirección, D.N.I. e número de conta bancaria así como representante legal para o caso de menores de idade. Sobre dito informe-proposta resolverá a concesión dos premios a Xunta de Goberno Local.*

#### *8.-Outras informacións.- Técnico Municipal de Cultura. Tlfo. 982.59.20.01*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

- 1º.-Aprobar as bases reguladoras da Tirada de Bolos Anual "Concello de Xove" anteriormente transcritas.
- 2º.-Proceder á convocatoria pública dos premios da Tirada 2014-2015.
- 3º.-Autorizar o gasto de 1.800,00 € con cargo á partida 341.481 do Estado de Gastos para vixente Orzamento Municipal para o exercicio de 2014, e que con cargo ao orzamento do exercicio 2015 se consigne crédito suficiente por importe de 3.165,00 € para facer fronte á execución do gasto correspondente as tiradas de xaneiro a marzo e aos premios finais.

- 4º.- Ordear a súa publicación na páxina web municipal e mediante anuncios no taboleiro de anuncios do concello ou calquera outro medio.

**D.11) SOLICITUD DE D. JESÚS SAN VICENTE DOMINGO (EQUIPO 01 S.L.) SOLICITANDO A DEVOLUCIÓN DO I.C.I.O. ABONADO POR LICENCIA PARA CONSTRUCCION DE VIVENDA EN PRADA-XUANCES.**

Por Secretaría dáse conta da solicitude de devolución de I.C.I.O por D. Jesús San Vicente Domingo, con DNI: 5201720-V, con domicilio a efectos de notificacións en C/ Alberto Alcocer, 38 9º Dcha. (28016 Madrid), no que expón que habendo pagado o imposto pola construción dunha vivenda en Prada e non habendo sido construída dita vivenda, se lle devolva o importe abonado.

Por Secretaria e Intervención emítese o preceptivo informe que se transcribe de seguido:

*VISTO o escrito presentado por D. Jesús San Vicente ( RE 2448 de data 04/08/2014 ) no que interesa a devolución de 1420'00 € abonados con data 17/04/2009 en concepto do Imposto sobre Instalacións, Construccións e Obras ( ICIO ) liquidado polo outorgamento dunha licencia municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar en Prada – Xuances.*

*VISTO que o solicitante basea a súa solicitude no feito de que dita obra nunca chegou nin tan sequera a iniciarse xa que a parcela foi vendida e o novo propietario encargou outro proxecto, solicitou e obtivo outra licencia, abono un novo ICIO e executou a obra.*

**TENDO EN CONTA OS SEGUINTES ANTECEDENTES:**

*1º.- Que efectivamente con data 27 de marzo a Xunta de Goberno Local concedeu licencia de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar en Prada – Xuances ( Poligono 65 Parcelas 388-343-344) a D. Jesus San Vicente ( Representante de Equipo 01 S.L. ) de acordo co proxecto redactado polo propio Sr. San Vicente na súa condición de arquitecto.*

*2º.- Que efectivamente con data 17 de abril de 2009 por Equipo 01 S.L. abonouse o ICIO liquidado a resultas da licencia concedida - anteriormente referenciada - por un importe de 1420'00 €.*

*3º.- Que efectivamente con data 22 de marzo de 2013 a Xunta de Goberno Local concedeu licencia de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar en Prada – Xuances parcialmente coa mesma ubicación ca referenciada no Antecedente 1º ( En calquera caso a construción da segunda impide totalmente a construción da primeira ) a Dna. Ana María López Pena de acordo co proxecto redactado polo arquitecto D. Manuel prieto Martinez.*

*4º.- Que efectivamente con data 31 de marzo de 2013 por Dna. Ana María López Pena abonouse o ICIO liquidado a resultas da licencia concedida - anteriormente referenciada - por un importe de 2.058'34 €.*

**CONSIDERANDO** A regulación do ICIO contida no RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei Regulamentadora das Facendas locais.

A interpretación vinculante efectuada pola Consulta V0169-13 de data 22 de xaneiro de 2013 da Dirección Xeral de Tributos do Ministerio de Facenda así como a contestación ás aclaracións solicitadas polo Concello de Xove, evacuada pola Subdirección Xeral de Tributos Locais do Ministerio de Facenda ( Ref: 2014-03303 ) respecto dalguns elementos esenciais do ICIO ( Feito Impoñible, Data de Devengo, Liquidacións Provsionais, ..... ) e sobor de todo verbo do prazo de prescrición aplicable ao exercicio de accións de reclamacións de devolución.

**OS FUNCIONARIOS QUE SUBSCRIBEN CONSIDERAN:**

**PRIMEIRO.-** Que a solicitude e posterior outorgamento de licencia referenciada no Antecedente 3º do presente Informe supón á renuncia e/ou desistimento implícitos á licencia referenciada no Antecedente 1º ( Arts. 90 e 91 da Lei 30/1992, de 26 de novembro ).

**SEGUNDO.-** En consecuencia o prazo de prescrición para reclamar a devolución do ICIO abonado pola licencia obxecto de renuncia/desistimento comeza a computarse a partir do día

*seguinte no que dito abono adquire o carácter de ingreso indebido ( Art. 67 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, General Tributaria LGT ), é dicir, a partir do día seguinte a aquel no que o obrigado tributario ( Equipo 01 S.L. ) desiste e/ou renuncia a inicia-la construción, instalación u obra que neste caso coincidirá co día seguinte ó de outorgamento da licenzia referenciada no Antecedente 3º, isto é o 23 de marzo de 2013.*

*TERCEIRO.- O prazo de prescrición fixado no apdo. c) do art. 66 da LGT é de 4 anos.*

*Polo exposto os funcionarios que subscriben informan favorablemente a devolución do ICIO solicitada por D. Jesús San Vicente por importe de 1.420'00 € abonados con data 17/04/2009, non obstante os organos corporativos co seu superior criterio decidiran.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Aprobar a devolución do importe de 1.420,00 € abonado polo I.C.I.O para a construción de vivenda en Prada-Xuances, interesada por D. Jesús San Vicente Domingo en representación de Equipo 01 S.L.

2º) A notificación ó interesado, os efectos oportunos.

**D.12) COMUNICACIÓN PREVIA DE D. JESUS LOPEZ LOPEZ RELATIVO Á REALIZACIÓN DE OBRA MENOR PARA O LUCIDO DE FACHADA DE VIVENDA UNIFAMILIAR E SOLICITUDE DE AXUDA (BASES APROBADAS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CON DATA 25 DE MARZO DE 2014 ) PARA A EXECUCIÓN DAS MESMAS .**

Vista a comunicación previa presentada por D. Jesús López López, con D.N.I nº 33847425G, con domicilio en Veiga, nº 8-27879 (A Rigueira), para realización de obras de lucido de fachadas de vivenda unifamiliar con solicitude de axuda para a execución das mesmas en Veiga, nº 8-A Rigueira (Xove). Referencia Catastral nº: 27025A037003040000JI.

Expediente: 1532/14.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

*1º.-De acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como SOLO DE NUCLEO RURAL ZONA TRADICIONAL, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicado no B.O.P do 14 de xullo de 2012.*

*2º.-Toda vez que as obras que se pretenden executar, adaptanse á vixente Normativa urbanística, pódese outorgar a licenzia que se solicita.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Tomar razón da comunicación presentada e autorizar a execución das obras solicitadas, impóñense as condicións seguintes:

*PRIMEIRA. -Habida conta que non se achega documentación descritiva das obras que se pretenden, e pola súa condición de obras de reparación, non poderán afectar a elementos estruturais, nin suporán aumento de volume adaptándose única e exclusivamente ao solicitado.*

*Respectarase o primitivo deseño e tipoloxía da edificación e seu ámbito.*

*SEGUNDA. -A edificación cuíus fachadas se pretenden pintar, de acordo co solicitude que se achega, adaptarase a tipoloxía do ámbito.*

*TERCEIRA.-Respectarase o primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación ao previsto no Artigo 29 da lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da lei 9/2002 de Protección do Medio Rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación.*

*CUARTA.-Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial.*

*QUINTA.-Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o estado orixinario do inmovible, para poder constatar o seu estado definitivo unha vez*

*finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, e a súa adaptación á Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia.*

*De acordo co anterior, e toda vez que a vivenda ten unha antigüidade superior aos 5 anos, infórmase favorablemente a licenza que se solicita.*

*Á vista da Normativa reguladora das axudas para o remate exterior de vivendas unifamiliares,(lucido de fachadas), infórmase FAVORABLEMENTE A SUBVENCIÓN SOLICITADA por adaptarse á Normativa anteriormente citada, e unha vez executadas as obras na súa totalidade, comprobaranse as mesmas, e asemade a viabilidade de concesión da subvención que se solicita.*

2º) A presente autorización outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 1.000,00€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 20,00€.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 15 días e 1 mes para a súa finalización. En calquera caso as obras deberán estar rematadas e xustificadas ante do 31 de outubro de 2014 conforme ao sinalado na Base 12ª.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible:

6º.- Polo que se refire a tramitación da solicitude de axuda estarase ao disposto nas Bases Reguladoras das Axudas para o remate exterior ( Lucido de fachadas ) e acondicionamento do entorno e dos accesos a vivendas unifamiliares con máis de cinco anos de antigüidade desde as vías de titularidade pública, e para a construción ou acondicionamento de muros opacos de peche de solares no casco urbano de Xove ( Convocatoria de 2014 ) aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de marzo de 2014.

**D.13) COMUNICACIÓN PREVIA DE D. FRANCISCO PÉREZ ARIAS RELATIVO Á REALIZACIÓN DE OBRA MENOR PARA O PINTADO DE FACHADA DE VIVENDA UNIFAMILIAR E SOLICITUDE DE AXUDA ( BASES APROBADAS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CON DATA 25 DE MARZO DE 2014 ) PARA A EXECUCIÓN DAS MESMAS .**

Vista a comunicación previa presentada por D. Francisco Pérez Arias, con D.N.I nº 33763651L, con domicilio en Pereiraboa, nº 46-27877 (Xuances), para realización de obras de lucido de fachadas de vivenda unifamiliar con solicitude de axuda para a execución das mesmas en Pereiraboa, nº 46-Xuances (Xove). Referencia Catastral nº: 27025A021004220001KK.

Expediente: 1893/14.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

1º.-*De acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como SOLO DE NUCLEO RURAL ZONA DE EXPANSIÓN, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicado no B.O.P do 14 de xullo de 2012.*

2º.-*Toda vez que as obras que se pretenden executar, se ben se atopan fóra de ordenación por estar afectadas por as alineacións do vial parcela, ao abeiro do artigo 103, da LOUG, (Edificios fóra de ordenación), pódese outorgar a licenza que se solicita.*

*O inmovible da fronte a un vial dependente da Deputación Provincial, se ben tendo en conta o apartado 2.2 da instrución 1/1998 de 24 de xullo, sobre a aplicación da Lei do Solo de Galicia no marco da nova Ley 6/1998, de 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións, publicada no D.O.G de 25/09/1998, onde se manifesta que o solo de núcleo rural pode considerarse equivalente ao solo urbán e efectos do seu réximen xurídico básico, a concesión da licenza é de competencia municipal.*

*Considerando que segundo establece o artigo 7 da Lei 8/2013 do 25 de xullo, de Carreteras de Galicia, promulgada polo Presidente da Xunta de Galicia e publicada no DOG nº 132 de 12/07/2013 e no BOE nº 177 de 25/07/2013 en relación co disposto nos artigos 37 e 38.4.e, do mesmo texto legal, e tendo en conta que o vixente P.X.O.M en vigor, foi sometido a informe da Deputación Provincial, non é preciso informe de dito organismo para esta licenza en concreto.*

*Artigo 7. Tramos urbáns.*

*“Aos efectos da presente Lei, considérase tramo urbán dunha carretera, aquel que discurre por solo clasificado polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico como urbán ou de núcleo rural cando, neste último caso, conte con alineacións marcadas no meritado instrumento e aquel fora sometido a informe favorable, conforme a presente lei, pola administración titular da carretera.”*

*Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:*

*1º) Tomar razón da comunicación presentada e autorizar a execución das obras solicitadas, impoñense as condicións seguintes:*

*PRIMEIRA. -Habida conta que non se achega documentación descritiva das obras que se pretenden, e pola súa condición de obras de reparación, non poderán afectar a elementos estruturais, nin suporán aumento de volume adaptándose única e exclusivamente ao solicitado.*

*Respectarase o primitivo deseño e tipoloxía da edificación e seu ámbito.*

*SEGUNDA. -A edificación cuíus fachadas se pretenden pintar, de acordo co solicitude que se achega, adaptarase a tipoloxía do ámbito.*

*TERCEIRA.-Respectarase o primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación ao previsto no Artigo 29 da lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da lei 9/2002 de Protección do Medio Rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación.*

*CUARTA.-Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial.*

*QUINTA.-Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o estado orixinario do inmovible, para poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, e a súa adaptación á Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia.*

*De acordo co anterior, e toda vez que a vivenda ten unha antigüidade superior aos 5 anos, infórmase favorablemente a licenza que se solicita.*

*Á vista da Normativa reguladora das axudas para o remate exterior de vivendas unifamiliares,(lucido de fachadas), infórmase FAVORABLEMENTE A SUBVENCIÓN SOLICITADA por adaptarse a Normativa anteriormente citada, e unha vez executadas as obras na súa totalidade, comprobaranse as mesmas, e asemade a viabilidade de concesión da subvención que se solicita.*

*2º) A presente autorización outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento*

do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 1.000,00€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 20,00€.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 15 días e 1 mes para a súa finalización. En calquera caso as obras deberán estar rematadas e xustificadas ante do 31 de outubro de 2014 conforme ao sinalado na Base 12ª.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible:

6º.- Polo que se refire á tramitación da solicitude de axuda estarase ao disposto nas Bases Reguladoras das Axudas para o remate exterior ( Lucido de fachadas ) e acondicionamento do entorno e dos accesos a vivendas unifamiliares con máis de cinco anos de antigüidade desde as vías de titularidade pública, e para a construción ou acondicionamento de muros opacos de peche de solares no casco urbano de Xove ( Convocatoria de 2014 ) aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de marzo de 2014.

